PRECISAÚDE

Plan de innovación sanitaria en medicina 5P

O **Plan de innovación sanitaria PRECISAÚDE** centrado na medicina 5P e dotado cun orzamento de 20 millóns de euros, ten por obxectivo manter ao sistema galego de saúde á vangarda en materia de Compra Pública Innovadora en saúde, feito recoñecido en 2021 polo Consello Europeo de Innovación como gañadores dos I premios europeos de compra pública innovadora.

PRECISAÚDE céntrase na aplicación de técnicas de diagnóstico e tratamento específicas para cada paciente teniendo en cuenta as súas características individuais, mellorando a súa calidade de vida e reducindo os seus efectos secundarios. Esta novo paradigma de atención Sanitaria chamada Medicina 5P, está baseada na personalización de tratamentos e terapias ás características de cada paciente, a prevención de enfermidades e promoción de estilos de vida saudables, a predición para anticipar factores de risco, a participación activa da cidadanía no ambiente sanitario e o enfoque nas necesidades de saúde da poboación.

Dado que a medicina 5P constitúe un enfoque amplo, o plan de innovación PRECISAÚDE céntrase ao redor de **catro ámbitos de actuación prioritarios**:

Solucións innovadoras baseadas en biomarcadores

orientados ao diagnóstico precoz, a detección de recorrencias e o cribado do cancro; a anticipar a resposta a tratamentos nutricionais para a obesidade, así como a avanzar no diagnóstico temperán e o seguimento de trastornos mentais.

Sistemas de simulación innovadores

para aplicar novas técnicas hemodinámicas para o tratamento da parada cardio-respiratoria e de ECMO así como do tratamento de feridas crónicas.

Solucións para a análise xenómica avanzada

integrando a análise e a etiquetaxe automatizada de datos xenómicos con minería de datos para a detección de patróns en relación aos datos clínicos dos pacientes.

Solucións innovadoras de terapias avanzadas

para o desenvolvemento de terapia génica e celular, pretendendo dispoñer de novas inmunoterapias celulares avanzadas que dean resposta a problemas de saúde non cubertos polas necesidades do mercado. Tamén aspira a desenvolver unha plataforma de xestión da produción de terapias avanzadas a través de sistemas innovadores.

DIRECTO A

Web do plan de innovación PRECISAÚDE

NOVAS

O Servizo Galego de Saúde lanza o plan de innovación sanitaria PRECISAÚDE cun orzamento de 20 millóns de euros

Peche do proceso de Consultas Preliminares ao Mercado do Plan de innovación sanitaria PRECISAÚDE cun total de 83 propostas recibidas divididas en 8 retos innovadores no eido da medicina 5P

Informe de conclusións da Consulta Preliminar ao Mercado no marco do Plan de innovación sanitaria PRECISAÚDE

Publicado o listado de entidades interesadas en xerar alianzas e colaboracións no marco do Plan de innovación sanitaria PRECISAÚDE

Apertura da Consulta Preliminar ao

Mercado do Plan de Innovación Sanitaria PRECISAÚDE